



**“Qualidade de Vida, Dignidade e
Direito das pessoas a manter-se
no seu entorno”**

QUEN SON?

Son licenciado en Psicología pola USC cun Máster en Asesoramento e Orientación Familiar. Estou Especializado en Calidade de Vida e Dereitos das persoas con necesidade de apoios e son Membro do Grupo de Traballo sobre Trastornos Mentais e/ou Alteracións de Conducta de Plena Inclusión Galicia.

Psicólogo colexiado
G-6187



- **2002** Exercín como Psicólogo no Centro de Atención Temperá da Asociación de Pais e Amigos de Nenos con Parálise Cerebral “Hoy por Mañana” de Vigo
- **2007** Fun Educador na Asociación ARELA de Iniciativas de Apoio a Infancia e da Mocidade de Galicia no seu Centro de Día para Menores con medidas xudiciais.
- **2008** Exercín como Psicólogo na Asociación de Apoio a Persoas con Diversidade Intelectual ACEESCA, traballando pola mellora da Calidade de Vida e os Dereitos das persoas usuarias do Centro de Educación Especial, Centro de Día, Ocupacional e Centro Especial de Emprego.
- **2019** Durante 3 anos fun Psicólogo no Centro Residencial para persoas con Grandes Necesidades de Apoio de EVD Galicia, apoiando a mellora da súa Calidade de Vida e o respecto polos seus Dereitos.

PORQUÉ ESTE PROXECTO?

Vivir no Lugar do Formigueiro (A Cañiza) dende hai máis de 13 anos e a miña experiencia de traballo con persoas con discapacidade permítame ter a sensibilidade necesaria con dúas das necesidades máis importantes da sociedade da comarca do Condado-Paradanta e dos concellos rurais que a conforman:

-**O envellecemento da poboación** que leva a moitos dos poboadores do rural ó abandono do seu fogar para ir vivir cos fillos ou a residencias de maiores en entornos urbanos.

-A existencia dun **importante número de persoas con discapacidade e diversidade**, producida por diversas patoloxías de carácter cognitivo, que tendo o interese por formarse e/ou traballar, non dispoñen dun servizo que lles preste apoios.





“A túa independencia e
tranquilidade son o noso
obxectivo”.



¿QUÉ VALORES INSPIRAN A CONTIGORURAL?

A **Misión** de CONTIGORURAL é a de ofrecer á Asistencia Persoal e os Apoios Personalizados necesarios no fogar para que as persoas maiores e as persoas con algún tipo de dependencia que viven no rural, manteñan e melloren a súa Calidade de Vida vivindo no seu entorno.

A **Visión** de CONTIGORURAL é promover un envellecemento digno das persoas maiores e unha vida plena das persoas dependentes do rural vivindo na súa contorna de sempre; ofrecer servizos caracterizados polo afecto e a proximidade, previr o illamento e a soidade non desexadas e dar apoios para desenvolver plans de vida Inclusivos Social e Laboralmente ás persoas con dependencia leve.





SERVIZOS QUE OFRECEMOS

1. APOIOS BÁSICOS NO FOGAR:

Acompañamento no fogar, paseos pola contorna, citas médicas, xestións administrativas, compra, ocio e participación nas festas patronais.



Limpeza do Fogar.

Axuda a domicilio.



Mantemento do fogar, leiras e animais.

Comunicación e información ós familiares da persoa con dependencia sobre o seu estado e evolución.



“Sinte a tranquilidade de ter alguén próximo que olla por ti, que olla polos teus pais que viven na aldea.”

2. SERVIZOS TÉCNICOS ESPECIALIZADOS NO FOGAR:

Asistencia persoal:
controla a túa propia vida independente e autónoma con apoios autodirixidos por ti para unha vida con igualdade de oportunidades.



Servizo de Psicoloxía:
estimulación cognitiva, dificultades de comportamento, problemas de saúde mental.



Servizo de Fisioterapia



Auxiliar de Enfermería.



3. ORIENTAMOS AS PERSOAS CUN GRADO DE DISCAPACIDADE LEVE.

Plan de Formación e Orientación laboral para persoas con Discapacidade:

- Formación Laboral Teórico-Práctica:
 - Formación en Axuda a Domicilio.
 - Formación en Limpeza do Fogar.
 - Formación En Xardinería.
 - Formación en Asistencia Persoal.



Promoción de accións de Cohousing nun entorno rural para Persoas con Discapacidade.



“Confiamos en ti, para que cumpras cos teus desexos, metas e plans persoais, traballas con nós?”

SI ERES DAQUÍ CHÁMANOS...





633 900 476



Rúa Progreso 52, A Cañiza



contacto@contigorural.es



[@contigorural](#)



contigorural.es